

# Cee e Corcubión no ano 1936

MIRO VILLAR GONZÁLEZ

**T**IVEMOS que agardar case sesenta anos de silencios para que unha parte importante a ata agora sempre oculta da historia das vilas de Cee e Corcubión vise a luz. As desoladoras consecuencias que provocou no 36 o levantamento fascista contra a república, legalmente constituída pola vontade do pobo democrático.

Por fin, este período, escurecido pola cor vermella do sangue que enchoupou as rúas e os corazóns de moitas familias, é analizado ó detalle, con documentación baseada nos sumarios e nos testemuños orais dos sobrevivintes, así como o pouco que se conserva nos arquivos, nun volume que vén de editar Edicións do Castro no que se recollen as investigacións feitas por Luis Lamela García.

O libro titúlase «Crónica de una represión na Costa da Morte», e ademais dos casos de Cee e Corcubión tamén se ocupa dos crimes que sucederon en Fisterra, Ponte do Porto, Vimianzo, Zas e outros lugares.

## Traballos anteriores

A portada deste ensaio de Luis Lamela, que segue a liña dos seus traballos anteriores sobre «Pepe Miñones», «Foucellas» ou «Alexandre Bóveda», reproduce o texto sobre a execución dos operarios de Cee, Norberto Recamán Lago, José Lago Fernández, Teófilo Mejuto Leis, Perfecto Trasmonte Costa, Jesús Chouza Figueira, Florentino Canosa Barreiro, Manuel García Castiñeiras e Domingo López Domínguez.

A sentenza cumpriuse o 9 de decembro de 1936 na Punta

Herminia coruñesa onde pouco antes tamén fora fusilado Miñones. O oficial do pelotón remata un a un cun tiro de gracia na lateral do cráneo.

As investigacións de Luis Lamela non se deteñen neste episodio, se cadra o mais duro xunto ca violación e asasinato dunha mestra corcubionesa, senón que nos fornece de datos sobre as actividades sindicais e municipais republicanas, previas ó levantamento, analiza aspectos como a folga xeral ou o asalto á Casa do Concello, e tamén nos fala dos consellos de guerra, dos fuxidos ó Pindo e da continuación do terror fascista ca implicación de moitos «camisas velas».

## Víctimas

Non podemos neste breve espazo reseñar todos os feitos e persoas que aparecen no traballo de investigación de Luis Lamela que se resumen nunha relación de vítimas da guerra civil no partido xudicial de Corcubión que o propio autor sinala que é incompleta pese a nomear a mais de cen persoas. Luis Lamela propúxose que nós non esquezamos o acontecido, rompendo ese pacto do olvido imposto polos afíns ós represores. Este libro non pode faltar en ningunha das casas da Costa da Morte para que poidamos aprender da lección histórica do noso pasado.

E xa postos, é hora de que o rueiro municipal de Cee elimine os nomes de militares e falanxistas e honre co nome dunha rúa ós veciños que foron asasinados. É o menos que podemos facer por eles.